

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**15472** *Real decreto 1696/2012, do 21 de decembro, polo que se modifica a definición contida no número 6 do artigo 2 do Real decreto 1216/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca.*

O 7 de agosto de 1997 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» o Real decreto 1216/1997, que incorporaba ao ordenamento xurídico español a Directiva 93/103/CE do Consello, do 23 de novembro de 1993, relativa ás disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca.

O 19 de maio de 2008 a Comisión Europea solicitoulle información á Administración española a través do proxecto EU Pilot en que se solicitaba información sobre determinados aspectos relativos á transposición da Directiva.

Tras as aclaracións facilitadas, a Comisión aínda seguiu albergando dúbidas sobre algunhas cuestións e enviou o 15 de maio de 2009 unha carta de emprazamento, á cal seguiu o 22 de marzo de 2010 un ditame motivado.

Cursadas á Comisión as pertinentes aclaracións por parte dos departamentos afectados, subsistiron as obxeccións respecto da transposición do artigo 2.f) da Directiva, por considerar a Comisión que a definición que se acuñaba no artigo 2.6 do Real decreto 1216/1997 non se axustaba fielmente ao concepto do artigo 2.f) da Directiva.

Finalmente, a Comisión emitiu, con data do 31 de maio de 2012, un ditame motivado complementario en que se ordena ao Reino de España transpoñer correctamente, a criterio da Comisión, o artigo 2.f) da Directiva.

Este real decreto ten por obxecto dar cumprimento ao exixido polo ditame motivado antes mencionado, e debe precisarse que se trata dunha norma meramente aclaratoria, que facilita a claridade xurídica do texto ao puntualizar o sentido exacto en que se debe entender a definición de armador.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Fomento, de Emprego e Seguridade Social e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de decembro de 2012,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1216/1997, do 18 de xullo, polo cal se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca.*

O punto 6 do artigo 2 do Real decreto 1216/1997, do 18 de xullo, polo cal se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca, queda redactado nos seguintes termos:

«6. Armador: o propietario rexistrado dun buque, excepto cando o buque sexa fretado con cesión da xestión náutica ou sexa xestionado, total ou parcialmente, por unha persoa física ou xurídica distinta do propietario rexistrado en virtude dun acordo de xestión; neste caso, considerarase que o armador é, segundo corresponda, o fretador a quen se cedeu a xestión náutica do buque ou a persoa física ou xurídica que efectúa a xestión do buque.»

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan, contraveñan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 7.<sup>a</sup> e 20.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado, respectivamente, a competencia en materia de lexislación laboral e de mariña mercante.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 21 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN